

# DÍA ESCOLAR DA NON VIOLENCIA E A PAZ



Equipos de  
Dinamización  
da Lingua Galega

# CANTAROLA DOS NENOS

Xosé Neira Vilas



1º e 2º ED.  
PRIMARIA


Amiguiños todos  
amiguiños xa,  
os nenos de aquí  
e os nenos de alá.

Os nenos do mundo  
todos a cantar  
a unha mesma voz  
collidos das mans.

Cantarola nosa  
de amor e de paz,  
sen penchas nin odios,  
sen falsa irmandá.

Rolda de sorrisos,  
dende mar a mar,  
corazóns abertos,  
ollos de amistad.

Amiguiños todos,  
amiguiños xa,  
os nenos de aquí  
e os nenos de alá.



[http://es.liveworksheets.com/  
A Paz: Cantarola dos nenos](http://es.liveworksheets.com/A Paz: Cantarola dos nenos)

# CANTAROLA DOS NENOS


## ACTIVIDADES

---

1. De onde son os nenos? Colorea.



2. Que fan os nenos do mundo? Arrodea.



3. Completa coas palabras do recadro.

|                        |                      |
|------------------------|----------------------|
| <b>Penchas e odios</b> | <b>Falsa irmandá</b> |
| <b>Amor e paz</b>      |                      |

| <b>De que é a cantarola?</b> | <b>Que non ten?</b> |
|------------------------------|---------------------|
|                              |                     |
|                              |                     |

4. Emparella e arrodea da mesma cor as palabras relacionadas.

**rolda** ■

■ **abertos**

**corazóns** ■

■ **amizade**

**ollos** ■

■ **sorrisos**

5. Localiza na sopa de letras as palabras que faltan en cada verso e complétaos. Fai un debuxo relacionado cos versos. Colorea.

**Os nenos do** \_\_\_\_\_  
**todos a** \_\_\_\_\_  
**a unha mesma** \_\_\_\_\_  
**collidos das** \_\_\_\_\_

|          |          |          |          |          |          |          |
|----------|----------|----------|----------|----------|----------|----------|
| <b>M</b> | <b>E</b> | <b>C</b> | <b>E</b> | <b>A</b> | <b>D</b> | <b>B</b> |
| <b>A</b> | <b>H</b> | <b>D</b> | <b>L</b> | <b>D</b> | <b>O</b> | <b>M</b> |
| <b>N</b> | <b>A</b> | <b>E</b> | <b>D</b> | <b>D</b> | <b>U</b> | <b>R</b> |
| <b>S</b> | <b>A</b> | <b>N</b> | <b>Q</b> | <b>N</b> | <b>N</b> | <b>N</b> |
| <b>S</b> | <b>M</b> | <b>E</b> | <b>D</b> | <b>V</b> | <b>U</b> | <b>M</b> |
| <b>N</b> | <b>N</b> | <b>O</b> | <b>A</b> | <b>D</b> | <b>O</b> | <b>V</b> |
| <b>C</b> | <b>A</b> | <b>N</b> | <b>T</b> | <b>A</b> | <b>R</b> | <b>Z</b> |



# **WE SANG THE SONG CANTAMOS ESA CANCIÓN**

**A. García Teijeiro**



**3º e 4º ED.  
PRIMARIA**


Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis,  
para que limpen o sangue  
que tinxo as ondas do mar.

Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis,  
para que os seres humanos  
poidan collerse da man.

Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis,  
para que certas feridas  
poidan un día cerrar.

Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis,  
para que as aves do ceo  
nunca deixen de voar.

Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis,  
para que cubran as guerras  
sabas con bruma de paz.



«Petando nas portas de Dylan»,  
da triloxía «Bicos e non balas» de A. García Teijeiro



[http://es.liveworksheets.com/  
A Paz: Cantamos esa canción](http://es.liveworksheets.com/A Paz: Cantamos esa canción)

# CANTAMOS ESA CANCIÓN

## Actividades

---

1. Que tipo de texto é *Cantamos esa canción*? Colorea o bordo.



2. Cantas estrofas ten? Arrodea.

sete

dúas

dezaoito

nove

dez

dezanove

catro

oito

catro

cinco

3. E cantos versos ten cada estrofa? Colorea.

3

5

12

6

15

4

11

4. Que versos se repiten? Risca os falsos e colorea os verdadeiros.

Cantamos esa canción,  
e con moita admiración.

Cantamos esa canción,  
que lle gusta ao tío Ramón.

Cantamos esa canción,  
porque o ritmo é moi bo.

Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis.

Cantamos esa canción,  
para chegar a Caión.

Cantamos esa canción,  
para ir a Eurovisión.

5. Une cada estrofa co que se conta nela.

**1ª estrofa**

Para que os seres humanos poidan collerse da man.

**2ª estrofa**

Para que cubran as guerras sabas con bruma de paz.

**3ª estrofa**

Para que certas feridas poidan un día cerrar.

**4ª estrofa**

Para que as aves do ceo nunca deixen de voar.

**5ª estrofa**

Para que limpen o sangue que tinxe as ondas do mar.

6. Inventa unha estrofa para engadila ao poema de Bob Dylan.

Cantamos esa canción,  
esta, aquela e moitas máis,

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



7. Que quere o autor que suceda en cada estrofa? Completa.

| 1ª | 2ª                                  | 3ª | 4ª | 5ª |
|----|-------------------------------------|----|----|----|
|    | <i>Que as persoas sexan amigas.</i> |    |    |    |

8. Cal destas palabras non ten relación coa paz? Risca a falsa e arrodea e colorea as verdadeiras.



9. Localiza na sopa de letras sete palabras que indican violencia. De todas as do recadro, cal non aparece na sopa de letras? Fai unha frase con ela.

**SANGUE  
FERIDA  
GUERRA  
CARRAXE  
ARROUTO  
ALDRAXE  
ABUSO  
AGRESIÓN**



A palabra que falta é ...



# IRMAUS

**Celso Emilio Ferreiro**



**5º e 6º ED.  
PRIMARIA**


Camiñan ao meu rente moitos homes.  
Non os coñezo. Sonme estranos.  
Pero ti, que tealcontras alá lonxe,  
máis alá dos desertos e dos lagos,  
máis alá das sabanas e das illas,  
coma un irmau che falo.

Se é túa a miña noite,  
se choran os meus ollos o teu pranto,  
se os nosos berros son iguais,  
coma un irmau che falo.

Anque as nosas palabras sexan distintas,  
e ti negro e eu branco,  
se temos semellantes as feridas,  
coma un irmau che falo.

Por enriba de tódalas fronteiras,  
por enriba de muros e valados,  
se os nosos soños son iguais,  
coma un irmau che falo.

Común temos a patria,  
común a loita, ambos.  
A miña mau che dou,  
coma un irmau che falo.



<http://es.liveworksheets.com/>  
A Paz: Irmaus

# IRMAUS

## Actividades

---

1. Que tipo de texto literario é *Irmaus*? Colorea.



2. Cantas estrofas ten o poema? Completa.

O poema *Irmaus* ten \_\_\_\_\_ estrofas.


3. Teñen todas as estrofas o mesmo número de versos? Arrodea a resposta verdadeira.

**Si, todas teñen seis versos.**

**Si, todas teñen catro versos.**

**Non, a primeira ten seis e o resto 4.**

4. Como é a rima? Colorea a resposta verdadeira e risca as falsas.



5. Que verso é o que se repite? Escríbeo.

\_\_\_\_\_

6. Cal é o tema do poema? Escribe **V** (verdadeiro) ou **F** (falso).

A familia     A igualdade     O racismo     A patria

7. Cal destas expresións **non significa** o mesmo que *a rente*? Arrodea.

**A carón**

**Ao lado**

**A piques**

**Ao pé**

8. Emparella o substantivo co adxectivo que o acompaña.

**berros, soños** ■

■ **común**

**feridas** ■

■ **iguais**


**patria, loita** ■

■ **semellantes**

9. Fai un debuxo relacionado co poema. Colorea.



10. Resolve o encrucillado do Día Escolar da Non Violencia e da Paz.



### HORIZONTAIS

1. Choro con xemidos e salaios.
2. Construción vertical non moi alta coa que se cerra ou delimita un espazo.
3. Límite entre dous estados ou países.

### VERTICAIS

- A. Lesión nos tecidos dun ser vivo producida por unha causa exterior.
- B. Enfrontamento entre dous ou máis individuos, no que se emprega a forza física ou outros medios de violencia.
- C. Período de tempo que vai desde a posta ata a saída do Sol.
- D. Son agudo ou palabras emitidas con forza e en voz moi alta.

HORIZONTAIS: 1. PRANTO 2. VALADO 3. FRONTEIRA  
VERTICAIS: A. FERIDA B. LOITA C. NOITE D. BERRRO



# A RECEITA DA PAZ

INGREDIENTES PARA VIVIR EN PAZ



# PAZ

*Tu fas a Paz*



QUE INGREDIENTES PROPÓS?

CONFIANZA

RESPECTO

PACIENCIA

AMIZADE

AMOR

LIBERDADE

SORRISO

TOLERANCIA

AMABILIDADE

ALEGRIA

**TODOS E TODAS XUNTOS POLA PAZ**

Colorea, recorta e coloca este cartel pola aula para celebrar o Día da Paz.




## OS NENOS E NENAS QUEREMOS A PAZ

### QUEREMOS A PAZ

Os peques do cole  
queremos cantar  
para que no mundo,  
todos teñan Paz.

Para que no mundo  
sempre exista Paz,  
debemos querernos,  
coñecemos máis.


Galegos, suízos,  
rusos, que máis dá?  
se nos abrazamos  
repartimos Paz.







## O BANDEIROLA DA PAZ

Colorea, recorta e monta sobre un fío coas bandeirolas dos teus compañeiros e compañeiras.




**UNHA POMBA LOITANDO POLA PAZ**

Colorea, recorta, pica os círculos cun punzón e pásalles un fío. Decora a túa aula.



## O BINGO DA PAZ

Investiga e completa co nome dos teus compañeiros e compañeiras.




### BINGO! Busca alguén que...


|                   |                              |                    |                         |                     |  |                          |
|-------------------|------------------------------|--------------------|-------------------------|---------------------|--|--------------------------|
| Sabe nadar        | Sábenlle as patacas fritidas | Come verduras      | Fai deporte             | Ten un can          | Ten unha irmá                          | Non ten irmáns nin irmás |
| Sábelle o chocate | Sabe asubiar                 | Ten unha tartaruga | Ten un gato             | Sabe montar en bici | Gústalle as flores                     | Gústalle pintar          |
| Corre rápido      | Gústalle o xeado             | Fala galego        | Gústalle as matemáticas | Ten un irmán        | Ten mascota que non é nin can nin gato | Vai moito de excursión   |

## A SOPA DE LETRAS DA PAZ

Localiza nesta sopa de letras as cinco palavras do recadro e colore.




PAZ  
AMOR  
RESPECTO  
DIÁLOGO  
AMIZADE



## **O PERGAMIÑO DA PAZ**

Colorea o debuxo, recorta o pergamiño e aprende a poesía da Paz.



**Esa branca pomba  
vainos ensinar  
que un mundo sen loitas  
temos que acadar.  
Tráenos alegría,  
a paz e o amor  
e quere que todos...  
VIVAMOS MELLOR!**